

INFORMACIÓN XERAL CURSO 2007-2008

NOVO PLANO DE ESTUDOS

Neste ano académico 2007-2008 **implántase o Nivel Básico 1 e 2, e o Nivel Intermedio 1**, consonte o establecido no Real Decreto 1629/2006 do 29 de decembro, e **deixan de impartirse as ensinanzas do Ciclo Elemental** do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro.

Séguese a impartir o Ciclo Superior das ensinanzas do primeiro nivel reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro.

EQUIVALENCIAS entre as ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro, e as reguladas polo Real Decreto 1629/2006 do 29 de decembro.

| Antigo Plano de Estudos (Real Decreto 967/1988) | Novo Plano de Estudos (Real Decreto 1629/2006) |
|---|--|
| 1º curso do ciclo elemental | Básico 1 |
| 2º curso do ciclo elemental | Básico 2 |
| | Certificado de nivel básico (A2) |
| 3º curso do ciclo elemental | Intermedio 1 |
| | Intermedio 2 |
| Certificación académica do ciclo elemental | Certificado de nivel intermedio (B1) |
| 1º curso do ciclo superior | Avanzado 1 |
| 2º curso do ciclo superior | Avanzado 2 |
| Certificado de aptitude | Certificado de nivel avanzado (B2) |

O certificado de aptitude e o do nivel avanzado serán equivalentes para os efectos académicos.

INCORPORACIÓN DO ALUMNADO AO NOVO PLANO DE ESTUDOS

| Antigo Plano de Estudos (Real Decreto 967/1988) | Novo Plano de Estudos (Real Decreto 1629/2006) |
|---|--|
| 1º curso | |
| Se ten superado o 1º curso, accede a | Básico 2 |
| Se non ten superado o 1º curso, accede a | Básico 1 |
| 2º curso | |
| Se ten superado o 2º curso, accede a | Intermedio 1 |
| Se non ten superado o 2º curso, accede a | Básico 2 |
| 3º curso | |
| Se ten superado o 3º curso, accede a | 1º curso do ciclo superior (4º) |
| Se non ten superado o 3º curso, accede a | Intermedio 1 |

O TÍTULO DE BACHARELATO DARÁ ACCESO AO PRIMEIRO CURSO DO NIVEL INTERMEDIO DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA CURSADA NO BACHARELATO.

IDADE DE ACCESO

Para acceder á EOI, será requisito ter feitos 16 anos no ano natural en que se comecen os estudos.

Tamén poderá acceder o alumnado con 14 anos que desexe matricularse nun idioma distinto do que estea a cursar na ESO. Neste caso, deberá achegar certificación da secretaría do centro onde estea matriculado con mención expresa da lingua estranxeira que cursa como primeiro idioma.

(Estas condicións non se lle aplicarán ao alumnado que xa estivera matriculado en réxime oficial no curso 2006-2007).

DATAS DAS PROBAS PARCIAIS E FINAIS

As datas das probas parciais de febreiro e finais de xuño non teñen por que coincidir co horario da clase. Serán fixadas, en función das necesidades do centro, na quenda de mañá ou tarde, calquera día da semana.

As datas das probas de certificación (unificadas) serán fixadas pola Consellaría de Educación.

FALTAS DE ASISTENCIA

A perda da avaliación continua tanto nos cursos anuais como cuatrimestrais producirase no caso de que o alumnado acumule máis dun 20% de faltas de asistencia xustificadas ou dun 10% de faltas de asistencia sen xustificar das horas totais do idioma impartido. O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a examinarse na convocatoria oficial de xuño e na extraordinaria de setembro.

MATRÍCULA LIBRE E OFICIAL

Ninguén poderá estar matriculado como alumno oficial e libre no mesmo idioma durante o mesmo curso académico.

ANULACIÓN DA MATRÍCULA OFICIAL

O alumnado poderá solicitar a anulación da matrícula oficial mediante instancia motivada dirixida á dirección da EOI. A anulación non suporá a devolución das taxas pagadas. A data límite para solicitala será o derradeiro día hábil do mes de abril.

TRASLADO DE EXPEDIENTE POR MATRÍCULA VIVA

O traslado de expediente por matrícula viva poderá tramitarse durante todo o ano, pero só será aceptado cando exista xustificación suficiente que acredite o traslado de residencia familiar ou outras causas debidamente xustificadas. O traslado estará sempre condicionado á existencia de prazas na EOI de destino, que deberá ser consultada antes da súa tramitación.

CLASES COMPLEMENTARIAS

A asistencia ás clases complementarias é voluntaria, pero recomendada. Aqueles alumnos que o soliciten expresamente ao seu profesor ao comezo do curso poderán obter unha certificación na que constará o número de horas impartidas e a cualificación obtida. Non obstante, non se expedirá a certificación se o alumno faltase, xustificadamente ou non, máis dun 20% das horas totais que dure a actividade. No caso de que o alumno asistise regularmente, e non superase a avaliación final, poderá recibir unha certificación de asistencia na que conste unicamente o número de horas impartidas.

RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS

O alumnado poderá reclamar contra as cualificacións finais ante a Dirección da EOI nun prazo de dous días lectivos a partir da data de publicación das notas. A Dirección someterá a reclamación ao departamento correspondente, que poderá ratificarse na cualificación outorgada ou rectificala. A reclamación resolverase no prazo de cinco días naturais.

Se o alumno o manifesta expresamente, a Dirección remitirá o expediente á Delegación Provincial no prazo de vinte e catro horas. A Delegación Provincial, logo do informe da Inspección Educativa, resolverá nun prazo de dez días naturais.

SOLICITUDES DE BOLSA

Deberán presentarse na secretaría da EOI antes do 31 de outubro.

DEVOLUCIÓN DAS TAXAS DE MATRÍCULA

O alumnado deberá comprobar ben os importes que vai ingresar antes de facer os ingresos, xa que o centro non poderá efectuar ningunha devolución das cantidades incorrectamente ingresadas. As taxas de matrícula só se devolverán cando o motivo da devolución sexa imputábel ao centro (por exemplo, a anulación dun grupo).

OUTRA INFORMACIÓN

A través da páxina web da EOI (www.eoisantiago.org) terá acceso a todo tipo de información sobre o funcionamento do centro: últimas novas, horarios, departamentos didácticos (profesorado, programación, bibliografía), calendario de exames, actividades extraescolares, asociación de alumnos e antigos alumnos, lexislación específica, etc.